



O AVIÓN PLANADOR



1. Nunha folla rectangular marcamos a liña media no sentido lonxitudinal.



2. Cara ese vinco levamos os segmentos do lado superior, formanse os dous triángulos rectángulos da imaxe.




3. Dobramos para a fronte pola liña que se sinala na anterior figura, formándose este novo triángulo.



4. Levamos o vértice superior dereito até un punto situado aproximadamente a 2 cm do vértice recto do triángulo.



5. Facemos coincidir no mesmo punto o vértice superior esquerdo.




6. Agora dóbrase cara arriba o vértice recto, todo o que dea. Dobramos cara a atrás a figura pola liña do medio.



7. Para facermos as ás do planador levamos a primeira aresta inclinada até a aresta da quilla.



8. Facemos o mesmo coa aresta do reverso. Levantamos as dúas ás até que coincidan no mesmo plano.



9. E a voar!